

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE NOVEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezanove de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos:, dona Lúa Sanguifredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Juan González Leirós e don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de novembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de novembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 7 de novembro de 2019, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se modifica a Resolución do 9 de xullo de 2018 pola que se aproban as bases

reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa primeira convocatoria para os anos 2018-2019, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 216, do 13 de novembro de 2019).

- Anuncio do Servizo de Emprego e Economía Social. Xefatura Territorial da Coruña. Consellería de Economía, Emprego e Industria, do calendario laboral ano 2020. Figura o Concello de Cambre cos días inhábiles seguintes: 25 de febreiro, martes de Entroido e 17 de agosto festa local de Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 218, do 15 de novembro de 2019).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 14 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2230/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 2285/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sintura	Asunto
2230/2019	08-11-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de novembro de 2019
2231/2019	08-11-2019	Liquidación prezos públicos (A.R. nº 1) - Participación na XXVIII Semana Micolóxica de Cambre 2019
2232/2019	08-11-2019	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2019 - III
2233/2019	10-11-2019	Licenza para construción de vivenda unifamiliar e piscina en Estorrentada, Cambre. Solicitante: RGN
2234/2019	11-11-2019	Alegacións á listaxe provisional de admitidos presentada ao concurso para a provisión do posto vacante de coordinador deportivo. Composición da comisión de valoración e lista definitiva
2235/2019	11-11-2019	Conceder a tarxeta estacionamento a persoas con discapacidade a MLIG
2236/2019	11-11-2019	Conceder un permiso de un mes por enfermidade moi grave dun familiar de primeiro grao. Solicitante: MFL
2237/2019	11-11-2019	Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: RMFP
2238/2019	11-11-2019	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: LPI
2239/2019	11-11-2019	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: PVL
2240/2019	12-11-2019	Reparos non suspensivos
2241/2019	12-11-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos

		por importe total de 5.527,81€
2242/2019	12-11-2019	Solicitud de devolución de ingresos indebidos a don ABP do imposto sobre construcións, instalacións e obras e taxa por licenzas urbanísticas, por declaración de ineficacia
2243/2019	12-11-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 102.185,18 euros
2244/2019	12-11-2019	Tramitación de Subvención SNL ORDE do 15 de marzo de 2019 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PL400A).
2245/2019	12-11-2019	CM MUSIC ARTE REY SAAVEDRA S.C. "A feira das linguas" Rede cultural 2019
2246/2019	12-11-2019	Orde de execución por estado de cheminea sita en finca de Estrada da Estación, Cambre con falta de revestimento e altura da mesma. Propiedade: EOR
2247/2019	12-11-2019	Segundo requirimento a GN S.U.R, SDG, S.A., para que presente a documentación esixida no marco do no procedemento de inspección P.I. 2/2019
2248/2019	12-11-2019	Cancelación de conta aberta no Banco Pastor, IBAN ES44 0238 8125 5606 6000 0173.
2249/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: ZMVG
2250/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: RMDRA
2251/2019	12-11-2019	Concesión axuda vale alimentos a ASL por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2252/2019	13-11-2019	Licenza de construción de vivenda unifamiliar na Xira, parroquia de Sigrás, promovido por JMAQ
2253/2019	12-11-2019	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJPC
2254/2019	12-11-2019	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ADCM
2255/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: BVR
2256/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: ICCC
2257/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social. Solicitante: IDM
2258/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social. vale alimentos. Solicitante: MCJS
2259/2019	12-11-2019	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CPL
2260/2019	13-11-2019	Orde de execución por vertido de augas fecais á camiño público desde edificación sita en Mercurín, Anceis. Propiedade: SMRP e RPM
2261/2019	13-11-2019	Declaración de ruína de edificación sita nos Coruxos, San

		Lourenzo. Propiedade: MVFC e MFC
2262/2019	13-11-2019	Conceder a licenza de instalación para o garaxe do edificio sito no Paseo Marítimo, parroquia do Temple, Cambre. Solicitante: C. de P
2263/2019	13-11-2019	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao local sito na rúa Maria Mariño, O Temple, destinado a garaxe e almacén de empresa de xardinería. Solicitante: A, S.L
2264/2019	13-11-2019	Denegar a tarxeta estacionamento por non acreditar problemas de mobilidade. Solicitante: NGJ
2265/2019	13-11-2019	Pago Certame Literario Xoán Díaz Cambre 2019
2266/2019	13-11-2019	Aprobación xustificación Convenio Funda WFF 2018 Subv Nominativa
2267/2019	12-11-2019	Axuda emerxencia social alimentos. Solicitante: MDPFM
2268/2019	13-11-2019	Aprobación de proposta de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias por importe de 8.324,69 euros
2269/2019	13-11-2019	Aprobación de de proposta de mandamento de pago e pagamento de operacións non orzamentarias por importe de 28.888,75 euros
2270/2019	13-11-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 25.793,95 euros
2271/2019	13-11-2019	Aprobación adianto de nómina do mes de novembro de 2019 e proposta de mandamento de pago e pagamento da operación non orzamentaria a dona Cristina Armenta Vllariño.
2272/2019	13-11-2019	Campaña de dinamización comercial do Nadal 2019-2020
2273/2019	14-11-2019	Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: ICT
2274/2019	14-11-2019	Cambio de nome na tarxeta de estacionamento JBS
2275/2019	14-11-2019	Denegar a axuda aluguer por non constituir a axuda unha solución axeitada. Solicitante: JLCB
2276/2019	14-11-2019	Denegar a axuda para alimentación básica e hixiene persoal por non ser a axuda solicitada unha solución axeitada. Solicitante: GHCM
2277/2019	14-11-2019	Conceder a axuda recibo de auga por importe de 59,34 euros. Solicitante: ADCM
2278/2019	14-11-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 9/2019. Gastos por traslado de Biblioteca e liquidación da Casa da Cultura
2279/2019	14-11-2019	Autorización substitución vehículo na licenza de taxi nº 14
2280/2019	14-11-2019	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Nebrixe, Bribes. Propiedade: JGA
2281/2019	14-11-2019	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de outubro e o seu pagamento
2282/2019	14-11-2019	Expediente de ampliación de crédito número 2/2019. Préstamos ao persoal
2283/2019	14-11-2019	Expediente sancionador por realización de tala á altura do Pombo, Pravio sen comunicación previa presentada por MJGF

2284/2019	14-11-2019	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 15 de novembro de 2019
2285/2019	14-11-2019	Organización, xunto coa Asociación de veciños O Cruceiro de Bribes, do Belén Vivente 2019

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución de aval á empresa *Desarrollos y Montajes Pereira, S.L. (IDM Pereira, S.L.)*, adxudataria da obra "Instalación de iluminación. Campo de Os Pinares – Brexo Lema. Concello de Cambre" .Expediente 2016/C003/000009
- Proposta de adxudicación ao licitador Narón Servicios de Medio Ambiente, S,L. No prezo ofertado de 26.400,00 € sen IVE, (31.944,00 € IVE incluído), da obra de "Ampliación do local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio, Cambre". Expediente núm. 2019/C002/000358
- Proposta de devolución de aval á empresa *Excavaciones J. Cancela Esmoris S.L.*, adxudataria da obra "Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214, tramos P.K. 4+100 ao 4+430, marxe esquerda, e do 6+100 ao 6+270, marxe dereita, Cambre", obra incluída no Plan provincial de Aforo e Investimento (PAI) 2015 de Deputación Provincial de Coruña. Expediente 2015/C003/000003
- Aprobación do expediente de contratación número 2019/C004/000026, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, correspondente ao servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre
- Aprobación do expediente de contratación número 2019/C006/000003, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á subscripción dunha póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A.- Proposta de devolución de aval á empresa *Desarrollos y Montajes Pereira, S.L. (IDM Pereira, S.L.)*, adxudataria da obra "Instalación de iluminación. Campo de Os Pinares – Brexo Lema. Concello de Cambre" .Expediente 2016/C003/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 23 de febreiro de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Desarrollos y Montajes Pereira, S.L. (IDM Pereira, S.L.)* para a obra “Instalación de iluminación. Campo de Os Pinares – Brexo Lema. Concello de Cambre” Expediente: 2016/C003/000009

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario de data 15/02/2017, con número 8111/788 e importe de 1.850,00 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 724 e data do 16/02/2017, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro técnico industrial municipal, con data do 14 de xuño de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 12 de novembro de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Desarrollos y Montajes Pereira, S.L. (IDM Pereira, S.L.)”, con CIF B70235379 e con enderezo na Rúa do Titanio, parc.D2, P1-Bértoa, Carballo, 15100, (A Coruña), no expediente número 2016/C003/000009 para a obra “Instalación de iluminación. Campo de Os Pinares – Brexo Lema. Concello de Cambre”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.



Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Proposta de adxudicación ao licitador Narón Servizos de Medio Ambiente, S,L. No prezo ofertado de 26.400,00 € sen IVE, (31.944,00 € IVE incluído), da obra de “Ampliación do local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio, Cambre”. Expediente núm. 2019/C002/000358

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 22 de maio de 2019 elabórase pola arquitecta técnica municipal o documento denominado “Descripción Técnica para as obras de Ampliación do local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio,Cambre”, no que se describen e valoran as actuacións a realizar no contorno da pista polideportiva cuberta de Pravio, consistentes en ampliar a edificación auxiliar existente con dúas zonas diferenciadas : unha para almacén aberto, e outro volume pechado para ubicar os servizos hixiénicos, un deles dando cumprimento á normativa sobre accesibilidade, e por un importe de 26.550,10 euros sen IVE, e 32.125,62 euros IVE incluído.

Con data 08/10/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación debido á que a dita contratación considérase necesaria para ampliar a edificación auxiliar existente para dotar á anexa instalación deportiva, zona de xogos de nenos e parque biosaudable, de aseos accesibles; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 10/09/2019 elaborouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento de prescricións técnicas para a contratación das obras anteditas, propoñendo como único criterio de valoración o factor prezo.

Con data 18/10/2019 emítase polo interventor municipal informe de fiscalización nº 306/2019, favorable á tramitación do expediente , no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62201 e que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non superan os 40.000 euros en obras no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 09/09/2019.

Con data 30/10/2019 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Narón Servizos de Medio Ambiente, S,L.
- Caricles Obras y Servizos, S.L.

- Murat Construcción y Mantenimiento S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Narón Servizos Medio Ambiente, S.L.	26.400,00 €	31.944,00 €
Caricles Obras y Servizos, S.L.	26.461,00 €	32.017,81 €
Murat Construcción y Mantenimiento S.L.	26.497,10 €	32.061,49 €

formulando proposta de adjudicación da obra de "Ampliación do local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio, Cambre", á entidade Narón Servizos de Medio Ambiente, S.L., con NIF B70078514, e domicilio no Pe do Muiño, 17, 15168 Meirás-Sada, A Coruña, no prezo ofertado de 26.400,00 € sen IVE, 31.944,00 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 15 de novembro actual, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Descrición Técnica para as obras de Ampliación do local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio,Cambre", elaborado pola arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López cun importe de 26.550,10 euros sen IVE, e 32.125,62 euros IVE incluído, así como o documento de prescricións técnicas da obra

elaborado con data 10/09/19 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e maila necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62201

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000358, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución da obra de “Ampliación do local municipal para servizos na zona deportiva de Pravio, Cambre”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L., con NIF B70078514, e domicilio no Pe do Muiño, 17, 15168 Meirás-Sada, A Coruña, no prezo ofertado de 26.400,00 € sen IVE, 31.944,00 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C.- Proposta de devolución de aval á empresa *Excavaciones J. Cancela Esmoris S.L.*, adjudicataria da obra "Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214, tramos P.K. 4+100 ao 4+430, marxe esquerda, e do 6+100 ao 6+270, marxe dereita, Cambre", obra incluída no Plan provincial de Aforro e Investimento (PAI) 2015 de Deputación Provincial de Coruña. Expediente 2015/C003/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 28 de setembro de 2015, asinou o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Excavaciones J. Cancela Esmoris S.L.* para a obra "Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214, tramos P.K. 4+100 ao 4+430, marxe esquerda, e do 6+100 ao 6+270, marxe dereita, Cambre", obra incluída no Plan provincial de Aforro e Investimento (PAI) 2015 de Deputación Provincial de Coruña.
Expediente: 2015/C003/000003

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario de data 02/09/2015, con número 351913 e importe de 8.934,29 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 623 e data do 04/09/2015, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxexión ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 1 de outubro de 2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 12 de novembro de 2019.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "*Excavaciones J. Cancela Esmoris S.L.*", con CIF B15769706 e con enderezo na Avenida da Praia, parc.110C, 2º, Polígono Industrial de Sabón, 15142, Arteixo, (A Coruña), no expediente número 2015/C003/000003 para a obra "Renovación de redes de servizos e seguridade viaria na AC-214, tramos P.K. 4+100 ao 4+430, marxe esquerda, e do 6+100 ao 6+270, marxe dereita, Cambre", obra incluída no Plan provincial de Aforro e Investimento (PAI) 2015" de Deputación Provincial de Coruña.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do

establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.”

D. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C004/000026, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática, correspondente ao servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 12 de novembro de 2019, elaborouse pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal e da coordinadora de servizos sociais municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento para a contratación do servizo de transporte para os participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre, cun orzamento base de licitación de 50.559,63 euros e un valor estimado de 101.119,26 euros.

Con data 14 de novembro de 2019, asínase pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal e da coordinadora de servizos sociais municipal, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución do contrato, así como o prego de prescricións técnicas regulador das prestacións a realizar.

Consta Informe de Intervención asinado o 18 de novembro de 2019 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 326.22300; 337.22300;341.22300; 34.22300 ;231.22302; 231.22301

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 18 de novembro de 2019, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 18 de novembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para complementar as competencias municipais en materia de promoción do deporte e a cultura e a ocupación do tempo libre establecidas no art. 25. 2.l.m) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e tendo en conta a continuidade na prestación de servizos relacionados coa conciliación familiar, prestando un servizo de transporte aos usuarios dos programas municipais de actividades de ocio e de lecer, que se veñen incluíndo nun contexto de conciliación da vida familiar e laboral, e véñense realizando no noso Concello dende hai xa anos, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C004/000026, por procedemento aberto , con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, correspondente ao servizo de transporte dos participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre, cun orzamento base de licitación de 50.559,63 euros e un valor estimado de 101.119,26 euros , isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 156 e seguintes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias 326.22300; 337.22300 ; 341.22300; 334.22300;231.22302; 231.22301, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto : Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, e como suplente, o animador deportivo municipal don Miguel Gamallo Ponte

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C006/000003, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á subscripción dunha póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de novembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 15 de outubro de 2019, elaborouse polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, o prego de

prescricións técnicas para a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre, con efectos desde o 01.01.2020 e un importe de prima anual máximo de 25.000,00 euros.

Con data do 5 de novembro de 2019, asíñase polo mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, da correduría "B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.", o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas, obrigas esenciais e condicións especiais de execución do contrato.

Con data do 6 de novembro de 2019 asíñase polo xefe da Unidade de Réxime Interior municipal a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, xustificación da non división en lotes e da elección do procedemento, cun valor estimado total de 88.800,00 euros e un orzamento base de licitación de 25.000,00 euros.

Consta Informe de Intervención asinado o 8 de novembro de 2019 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22400

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 8 de novembro de 2019, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria e máis o interventor municipais, de data 18 de novembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, proponho a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para cumprir coas competencias que ten atribuídas o Concello na súa calidade de Administración Pública con personalidade xurídica e con persoal e patrimonio propio, de conformidade co establecido na normativa de seguros (Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados), polo que cómpre contar coas correspondentes pólizas de seguro que garantan, entre outros, os danos materiais, persoais e prexuízos ocasionados a terceiros de forma involuntaria polo Concello de Cambre, conforme á regulación establecida no dereito privado e á responsabilidade patrimonial da Administración Pública, para o que resulta preciso contar cun seguro de responsabilidade civil xeral, co que queda debidamente xustificada a necesidade do contrato para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto no artigo 28 da LCSP.

En concreto, o obxecto desta contratación consiste na contratación dunha póliza de seguros que, con efectos desde as 00:00 horas do día 1 de febreiro de 2020, garanta as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil, segundo a normativa legal de aplicación, que durante a vixencia do seguro poida corresponder directa, solidaria ou subsidiariamente ao

tomador do seguro/asegurado, por danos persoais, materiais e prexuízos ocasionados a terceiros, de forma involuntaria de acordo coa lexislación vixente, incluíndo a responsabilidade civil derivada de actos ou omisións non dolosas que ocasionen danos a terceiras persoas, conforme á regulación establecida en dereito privado, e a responsabilidade patrimonial da Administración Pública atribuída segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, (incluíndo: RC explotación; RC patronal; RC profesional; Gastos de defensa e fianzas ; Liberación de gastos; RC de post-traballo; responsabilidade publicitaria e prexuízos patrimoniais puros)

Con esto queda debidamente xustificada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C006/000003, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente á subscrición dunha póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre, cun valor estimado total de 88.800,00 euros e un orzamento base de licitación de 25.000,00 euros , isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22400, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios, de se acordar as prórrogas contractuais previstas.

Cuarto: Aprobar o prego de prescricións técnicos, coa modificación da súa Cláusula 3 (de imposible cumprimento en aplicación dos prazos necesarios de tramitación do expediente de contratación), quedando fixados os efectos da póliza dende as 00:00 horas do día 01/02/2020 ata as 24:00 horas do día 31/01/2021, incluídos.

Quinto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Sexto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola secretaria xeral, de data 29 de outubro de 2019, en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona M^a Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós



Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando Manuel Garrido Negreira

O xefe da Unidade de Réxime Interior municipal don Manuel Vázquez Regueira, e como suplente, o auxiliar administrativo adscrito á dita Unidade don Marcelo Barros

Secretaria A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia